

ERASMUS+. Proxecto: Internacionalización de Jóvenes Gallegos-

INTERGAL- 2016-2- ES01-KA102-035168

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, solicitou unha subvención da Unión Europea ao abeiro do programa ERASMUS+ na Acción KA102 na convocatoria Erasmus+ 2016 na segunda ronda.

A solicitude presentouse para un total de 70 mobilidades de estudantes recién titulados en ciclos formativos de Formación Básica, Grao Medio e Certificados de Profesionalidade (niveis I, II e III), para realizar prácticas en empresas no estranxeiro por motivos de aprendizaxe.

Na solicitude presentouse a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado como coordinadora do Consorcio formado ademais polos seguintes socios de envío: os centros de formación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, os Centros de Formación da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, a Asociación de Profesores técnicos e de Ensino da Automoción de Galicia, o CIFP Paseo das Pontes, e os IES A Pinguela, As Mariñas, Lamas de Abade, Monte Castelo e Curtis.

Mediante a resolución da dirección do Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (en adiante SEPIE) de data 14 de decembro de 2016, publicáronse as listaxes de solicitudes aprobadas e rexeitadas para levar a cabo un programa de mobilidade , Acción Clave 1 correspondentes a convocatoria de propostas do programa ERASMUS+ 2016 na modalidade KA102.

Mediante esa resolución, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, resulta beneficiaria dunha subvención de 199.362,00€ para a mobilidade de 70 estudantes recién titulados nos ciclos formativos de Formación Básica, Ciclos Medios e Certificados de Profesionalidade (niveis I, II e III) dos centros que forman o Consorcio.

Con data 18 de xaneiro de 2017, o SEPIE e a Consellería de Políticas Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, asinaron o convenio de subvención para a Mobilidade para a aprendizaxe (KA102) DE Formación Profesional segundo o Regulamento (UE) N.º: 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 11 de decembro de 2013, polo que se crea o programa Erasmus+, de Educación, Formación Xuventude e Deporte da Unión, publicado no Diario Oficial da UE n.º 347 o 20/12/2013.

O convenio asinado ten o número 2016-2-ES01-KA102-035168.

O proxecto INTERGAL foi aprobado para ser executado durante 24 meses, desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2018. As mobilidades do alumnado recién titulado de Formación Básica, Ciclos Medios e certificados de profesionalidade (niveis I, II e III) , dos centros que forman parte do Consorcio do proxecto, realizaranse por períodos de 60 días e comenzarán en xuño de 2017 e rematarán en novembro de 2018.